



Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

CIF: G-36593606

Tfno. 886 21 30 15

A Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra, en xuntanza celebrada o día 2 de abril de 2019, vista a proposta de resolución provisional do Equipo Técnico do GALP, e de conformidade cos criterios establecidos na EDLP, **ACORDA:**

1. Propoñer á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a modificación da asignación de dous proxectos aprobados en convocatorias anteriores para libarar financiamento dispoñible no obxectivo estratéxico 2 da EDLP do GALP que, na data actual, se atopa excedida en execución.

Esta modificación afectaría aos seguintes proxectos para os que se propón o encadre nos obxectivos estratéxicos que se indican:

PROXECTO	OBXECTIVO ESTRATÉXICO PROPOSTO	Obxectivos específicos proposto	Liñas de actuación
GALP 6 – 050	Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos.	3.2. Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio climático.	L.3.2.1. Iniciativas de redución de impacto ambiental en procesos produtivos.
GALP 6 - 097	1. Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e promoción da innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura.	1.2. Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o emprendemento.	L.1.2.2 . Formación do sector pesqueiro cara o relevo xeracional, a mellor adaptación dos traballadores e traballadoras ás necesidades da actividade e á diversificación e integración de negocios.

Deste xeito quedaría capacidade de financiamento para a aprobación dos proxectos que se inclúen na seguinte proposta.

2. Aprobar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL
 - a) De concesión de axudas que figura no Anexo I, por orde descendente de puntuación dos proxectos. No caso de empate na estratexia, resólvese a favor





Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

CIF: G-36593606

Tfno. 886 21 30 15

do proxecto de maior adecuación á EDLP. Xúntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto.

- b) De desestimación de axudas que figura no Anexo II, cos motivos detallados.
3. Publicar a presente proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/>, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.
 4. Outorgar un prazo de alegacións contra esta resolución, de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación.

Marín 2 de abril de 2019,

A secretaria do GALP Ría de Pontevedra

Asdo. Consuelo Besada Lores

Visto e prace da Presidenta,

Asdo. Asdo. María del Carmen Vázquez Nores